

Deseña un atril de pé

O atril levará un soporte con apoio no chan, cun plano inclinado que sirva para soste libros, papeis ou partituras e lelos con máis comodidade.

O atril debe ser facilmente manexable, articulable, transportable, funcional, atractivo desde o punto de vista estético e orixinal. As medidas deberán ser proporcionais ao seu uso, cun tamaño mínimo de 350 x 210mm para a superficie en contacto co libro e unha altura regulable. O produto deberá considerar os elementos fundamentais que o constitúen para que a súa función e uso sexan efectivos: tamaño e forma. O deseño formal do produto poderá xerarse a partir de volumes xeométricos ou de formas orgánicas.

REQUISITOS DE PRESENTACIÓN:

- 1.Realizárase Presentaranse os bosquejos gráficos e deseños preparatorios (tormenta de ideas) a man alzada (perspectivas, proxeccións ortogonais, etc.)
 - 2.Desenvolvemento do posible deseño final con procura de cor, detalles de mecanismos, anotacións, posibles materiais....
 - 3.Para o deseño final presentaranse as proxeccións ortogonais principais (planta, perfil e alzado). Esta representación incluírá as cotas fundamentais. Presentarase unha perspectiva lineal a man alzada onde se aprecie claramente o volume e a estrutura do produto, así como algunha perspectiva ambientada, con obxectos que axuden a entender o seu uso e as súas proporcións e detalles que aclaren o seu uso e funcións.
 - 4.Argumentación do teu deseño
- Presentarase todo nun A3, ou os que sexan necesarios. As técnicas de expresión plástica serán libres.

Deseño de banco para parque urbano

O banco levará un elemento adicional que lle achegue dobre funcionalidade, como pode ser xardineira para plantas, balda para apoiar cousas que leven na man, aparcamento para bicicletas, etc. Búscase un deseño funcional e moderno.

REQUISITOS DE PRESENTACIÓN:

- Presentación en A3 (os que sexan necesarios)
- Bosquejos previos de diferentes ideas ou solucións posibles con detalles comentados por escrito.
- Desenvolvemento da idea elixida mediante bosquejos con aclaracións escritas se son necesarias, procura de cor e materiais.
- Solución final a cor, incluíndo esbozo a man alzada do deseño proposto con planta, perfil e alzado máis anotacións, anotacións sobre detalles técnicos, materiais, cotas, acabados, etc.
- Argumentación sobre vantaxes e valores comunicativos, funcionais, estéticos, fabricación, reciclaxe, etc.

Deseño dunha percha de armario

A percha será destinada para pantalóns, con capacidade para máis dunha peza. As medidas deberán ser proporcionais ao seu uso, é dicir, ao tamaño estándar das pezas, considerando que o seu usuario será un adulto.

O produto deberá considerar os elementos fundamentais que o constitúen para que a súa función e uso sexan efectivos: tamaño e forma. Poderá xerarse a partir de volumes xeométricos ou de formas orgánicas sempre que sexa funcional.

REQUISITOS DE PRESENTACIÓN:

Fases obrigatorias: Presentación en A3 (os que sexan necesarios)

Bosquexos previos de diferentes ideas ou solucións posibles con detalles comentados por escrito.

Desenvolvemento da idea elixida mediante bosquexos con aclaracións escritas se son necesarias, procura de cor e materiais.

Solución final a cor, incluíndo esbozo a man alzada do deseño proposto con planta, perfil e alzado máis anotacións, anotacións sobre detalles técnicos, materiais, cotas, acabados, etc

Argumentación sobre vantaxes e valores comunicativos, funcionais, estéticos, fabricación, reciclaxe, etc.